



# EDIXGAL

## NO IES DO BARRAL

### NORMAS DE USO E COIDADADO DOS EQUIPAMENTOS EDIXGAL

---

- 1.- Para que unha alumna ou alumno poida levar o portátil á súa casa a súa nai/pai/titor legal terá que asinar o **acordo de cesión** de uso do portátil. É válido o acordo firmado en 1º da ESO.
- 2.- O alumnado que teña asinado o documento de cesión e leve o equipo cada día a súa casa, ten a obriga de traelo ao centro coa **batería cargada ao 100 %**.
- 3.- **Non se deben traer os cargadores a clase para evitar a súa perda/subtracción ou rotura**. No caso de que se esgote a batería por non cumprir algunha das normas detalladas o/a alumno/a deberá de continuar a clase sen el, deixándoo a cargar no carro da clase.
- 4.- Cada ordenador **portátil e cargador ten unha etiqueta co número** que lle corresponde a cada alumno/a e que só poderá ser utilizado por dito/a alumno/a e polo tanto, é responsabilidade deste/a alumno/a o coidado e mantemento dese portátil.
- 5.- Nos cambios de clase e recreos, os portátiles deberán quedar apagados e gardados na súa funda e no casilleiro. O último en saír da clase asegúrase de que a porta quede pechada con chave.
- 6.- **Non está permitido empregar os ordenadores fora da aula** (nin antes de entrar a clase, nin nos recreos, nin na hora de xantar, nin tampouco na biblioteca, sala de estudo, nin sala de castigo). Para situacións excepcionais que así o requiran, o alumno/a pedirá **permiso en dirección**.
- 7.- O/A alumno/a non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesorado, unha vez rematada a exposición do traballo que van realizar.
- 8.- Cando o/a profesor/a teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
- 9.- Os portátiles non deben empregarse sobre superficies que non sexan firmes, coma roupa ou nas pernas. Este uso pode producir condensación e xerar problemas internos que non cubre a garantía. Tampouco se deben deixar a carón dunha ventá cando chove ou vai calor no exterior, polo mesmo motivo.
- 10.- Se o portátil está prendido transportarase coas dúas mans de xeito que ao levalo non tape a visión do camiño e haxa tropezos.
- 11.- Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa. Ollo aos líquidos que poden ser fatais para a electrónica. Nunca ubicalo debaixo do pupitre xa que ao movelo pode caír o portátil.
- 12.- A pantalla é táctil. Pode tocarse cos dedos, pero recoméndase o uso dun rato para evitar danos e suciedade nas mesmas. **O rato, de mercarse, deberao estar marcado axeitadamente**.



# EDIXGAL

## NO IES DO BARRAL

13. O lapis do ordenador tende a dar moitos problemas e non está cuberto polo seguro. Recoméndase que non se use máis que en casos indispensables ou que quede na casa.

14.- Cada alumno/a será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos, velando pola súa orde e a súa conservación. Recoméndase mercar **un sistema de almacenamento externo portátil (PEN), de uso exclusivo no portátil EDIXGAL** para non perder ningún traballo, ou traballar con algunha nube. Pódese utilizar a conta do Drive asociada á vosa conta de correo electrónico do centro.

15.- Para que o alumnado poida transportar o portátil da casa ao instituto, contará cun maletín, ambos etiquetados coa mesma numeración que o portátil. Pode levalo na propia mochila pero **SEMPRE dentro dunha funda acolchada para evitar golpes.**

16.- O portátil **só será empregado para o traballo relacionado coa actividade educativa proposta.** De detectarse que o alumno/a emprega o ordenador con outros fins, procédese a unha amoestación e comunicación aos proxenitores, podendo perder o dereito a utilizar o portátil.

17.- **Os danos ocasionados ao equipo asignado deberán ser soportados pola familia.** Os custes das reparacións son elevados e por iso é indispensable tratar o equipo con moito coidado e non deixar que ninguén o manipule. Outra opción é ter contratado un seguro contra danos específico.

18.- O feito de non aceptar estas normas ou de non respectalas trae consigo a restrición ou perda dos privilexios de acceso ao mesmo.